



**ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**  
**Nº DE SESIÓN: 1/2022**  
**CARÁCTER: Ordinario**

**ANUNCIO**

Con data 24 de xaneiro do 2022 o Sr. Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO**

Considerando que a actual evolución na contención da pandemia non exime aos poderes públicos o seu deber de «organizar y tutelar la salud pública a través de medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios» establecido no artigo 43.2 da Constitución Española para garantir o dereito á protección da saúde que reconece este artigo no seu primeiro apartado.

Considerando o disposto na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se sinala:

*“.../... Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*

*A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.*

*Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de coordinación de alertas e emerxencias sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».*

*De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adoptar*



*as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei». O dito deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.*

*Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima. .../...*”

Considerando que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, en liñas xerais, mellorou nos últimos meses, a actual situación permite volver á celebración dos plenos en sesións públicas, se ben cun aforo do 50%, co fin de manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. A celebración do pleno deberá realizarse de forma axustada aos requisitos necesarios para evitar calquera tipo de risco de contaxio da enfermidade, polo que o uso da máscara será obrigatoria en todo momento e o público asistente deberá permanecer sentado.

Sen prexuízo do anterior, a publicidade da sesión plenaria e a debida transparencia quedará garantida coa retransmisión da sesión en directo a través da radio municipal (á que se poderá acceder a través da páxina web do Concello de Tui), e a publicación da sesión plenaria na mesma, así como permitindo o acceso de medios de comunicación

Se fai notar que se realizará unha distribución dos concelleiros permitindo a debida separación entre eles, que se porá a disposición dos mesmos para o seu uso de máscaras e guantes, e que os concelleiros deberán ter en conta as recomendacións sanitarias establecidas na normativas de aplicación.

Polo exposto, esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

**PRIMEIRO.-Convocar Sesión con carácter de Ordinaria do Pleno Corporativo** a celebrar o vindeiro **xoves día 27 de xaneiro ás 20:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello e con carácter público, se ben cun aforo do 50%, co fin de manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

## ORDE DO DÍA

### A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior núm. 6/2021 celebrada o 25/11/2021.

2º.- Toma de posesión de Alejandro Manuel Carrera Barreira á vista da credencial remitida pola Xunta Electoral Central (2021-E-RC-6155 do 23/08/2021).





3º.- Expediente 2681/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 20/01/2022, favorable á proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 23/12/2021, de desestimación da concesión de bonificación de ICIO correspondente ás obras de "substitución de fiestras" no inmovible sito na rúa Ordóñez, 10”.

4º.- Expediente 450/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 20/01/2022, favorable á proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 02/12/2021, de concesión de bonificación de ICIO correspondente ás obras de "acondicionamento de vivenda" sita na rúa San Telmo, 7.

5º.- Expediente 2438/2021. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 20/01/2022, favorable á proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 02/12/2021, de concesión de bonificación de ICIO correspondente ás obras de "limpeza de tellado e substitución de tellas rotas en apendre" sito na rúa San Bartolomé, 6.

6º.- Expediente 313/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 20/01/2022, favorable á proposta de alcaldía de data 17/01/2022, de delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para prazas de auxiliares de policía, prórroga do convenio e designación de membros da Comisión de Seguimento.

7º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 20/01/2022, favorable á proposta presentada pola voceira do BNG de data 28/09/2021 relativa á moción sobre proposta de uso do edificio Camfran (rexistro núm. 2021-E-RC-6958 de data 29/09/2021).

8º.- Expediente 114/2022. Ditame da Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deporte de data 20/01/2022, favorable á proposta de Alcaldía, de data 17/01/2022, para apoiar que se dedique un Día das Letras Galegas ao poeta e ensaísta de Isorna, D. Faustino Rey Romero, sumándose á proposta do Concello de Rianxo.

9º.- Expediente 658/2021. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 20/01/2022, favorable á proposta de Alcaldía, de data 17/01/2022, relativa á proposta de adxudicación do contrato da prestación do “Servizo de Axuda no Fogar. Prestación básica e dependencia (SAF).

10º.- Expediente 1409/2021. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais de data 20/01/2022, favorable á proposta de Alcaldía, de data 17/01/2022, relativa á proposta de adxudicación do contrato de "Servizos de limpeza de dependencias".

11º.- Expediente 164/2022. Proposta da concelleira delegada de Facenda de data 24/01/2022, de aprobación de expediente nº 1/2022 de recoñecemento extraxudicial de créditos.

12º.- Mocións de urxencia.

**B) Actividade de control:**



13º.- Expediente 2705/2019. Dación de conta da proposta de informe de data 29/12/2021 en relación ao recurso especial en materia de contratación nº 294/2021 presentado ante o TACGal pola mercantil HERCE ICR APARCAMIENTOS SL, contra a adxudicación da contratación de concesión de obra pública do aparcadoiro soterrado, e da resolución nº 18/2022 de data 21/01/2022 do TACGal.

14º.- Expediente 2520/2021. Dación de conta do Plan Orzamentario 2022-2024 a medio prazo do Concello de Tui.

15º.- Dación de conta das subvencións e disposicións de interese dos meses de decembro de 2021 e xaneiro de 2022.

16º.- Dación de conta das resolucións de Alcaldía de núm. 2021-1792, de 22/11/2021 ata o núm. 2022-0076, de 22/01/2022.

### **C) Rogos e preguntas:**

17º.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.**-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, e facendo remisión ás medidas e recomendacións sanitarias sinaladas na parte expositiva.

**TERCEIRO.**-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.”

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

